

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 418/417.

Asunto: NOMEAMENTO EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE XEFE/A DE LICENZAS.

INFORME-PROPOSTA :

1.- Antecedentes.

O 03.08.2023, a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, resolveu:

“Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos, do posto de Xefe/a de Licenzas, cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 250 de 30.12.2020):

* *Código: 421.01.*

* *Denominación: Xefe/a de Licenzas.*

* *Complemento de destino: 28.*

* *Complemento específico: código 650 (25.902,80 euros/ano).*

* *Grupo, escala, subescala: A1, Administración Xeral/Especial, Técnico Superior.*

* *Titulación requirida: A requirida para o acceso ó subgrupo A1.*

* *Duración máxima da comisión de servizos: 1 ano prorrogable por outro mais ou a provisión definitiva do posto.*

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), para que os funcionarios en propiedade deste Concello de Vigo interesados presenten a súa solicitude no prazo de dez días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.”

Esta convocatoria foi publicada na web, a efecto de recepción de solicitudes, entre o 08.08.2023 e o 23.08.2023.

Con data 21.08.2023 presentou solicitude de participación neste procedemento de provisión a funcionaria desta Xerencia de Urbanismo, D^a Elena Maure Noia (documento 230272304).

O 22.08.2023 presentou solicitude de participación, o tamén funcionario desta XMU, D. Iván Alejandro Ramos Lamas (documento 230276653, 230276663, 230276665, 230276668 e 230276673).

Existen, polo tanto, dúas solicitudes de participación nesta provisión temporal do posto de Xefe/a de Licenzas (provisión por comisión de servizos): Elena Maure Noia e Iván Alejandro Ramos Lamas.

2.- Fundamentación xurídica.

Remitímonos ó informe emitido o 03.08.2023, previo á Resolución de convocatoria, que se sustentaba nos artigos 64 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Regulamento Xeral de ingreso e provisión de postos, e 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia

3.- Financiamento.

As retribucións do funcionario a nomear en comisión de servizos financiaranse cos créditos habilitados para a posto que se pretende ocupar de forma transitoria. En consecuencia, existe cobertura orzamentaria suficiente nas partidas do Orzamento vixente.

4.- Ponderación dos currículos presentados e proposta.

Vistas as solicitudes presentadas, ás que se achegan os correspondentes currículos, propónse o nomeamento de Iván Alejandro Ramos Lamas, en base ós seguintes fundamentos:

- Posúe titulación de arquitectura técnica e de enxeñería de edificación. Acredita unha variada formación no campo inmobiliario, urbanístico, informático e administrativo en xeral, destacando o Curso Superior de Urbanismo impartido pola EGAP.

- A súa dilatada experiencia nesta Xerencia Municipal de Urbanismo desde 30 de xuño do ano 2000, como funcionario de carreira desde o 31 de outubro de 2002. Posúe, polo tanto, 23 anos de servizo, vinculado sempre ó departamento de Intervención Urbanística. Ocupa praza de Técnico Superior de Urbanismo (subgrupo A1).

- Cabe salientar nesta experiencia profesional como funcionario da Xerencia de Urbanismo:

- * A súa eficiencia na emisión e tramitación de informes en expedientes maioritariamente de licenzas (téñase en conta que as solicitudes se contan por miles cada ano neste Organismo).
- * A súa polivalencia no coñecemento e tramitación de expedientes de licenzas tanto de obras como de actividades.
- * A súa permanente implicación coa información ó administrados o que lle leva continuamente a colaborar cas oficinas de Rexistro e Información.

No currículum de Elena Maure Noia destaca a súa dilatada formación, acreditando títulos de Arquitectura Superior (especialidade de Urbanismo), Especialista en Ordenación e Desenvolvemento Territorial, Master en Renovación Urbana e Rehabilitación e Curso de Eficiencia enerxética. Traballa na Xerencia Municipal de Urbanismo desde o 28.09.2009 (en propiedade desde 22.02.2010).

Por todo o exposto, propónse á Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, competente de conformidade co artigo 5.1.k) dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (texto íntegro publicado no BOP de 6 de outubro de 2010), e na delegación do Presidente de data catro de xullo de 2023 (publicada no BOP de 14.07.2023), que resolva:

“Primeiro.- Nomear en comisión de servizos, no posto de Xefe/a de Licenzas, a D. Iván Alejandro Ramos Lamas, polo prazo de un ano prorrogable por outro.

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Notificar ós interesados e publicar esta resolución na web municipal, podéndose interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ou directamente contencioso-administrativo.”

Vigo, na data das sinaturas electrónicas

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais

CONFORME, María Luisa Sobrino Del Río, Xefa da Área Técnica

CONFORME, Carlos Hernández Figueruelo, Xerente

RESOLUCIÓN:

Visto o informe-proposta que antecede e de conformidade co artigo 5.1.k) dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (texto íntegro publicado no BOP de 6 de outubro de 2010), e na delegación do Presidente de data catro de xullo de 2023 (publicada no BOP de 14.07.2023), **RESOLVO:**

“Primeiro.- Nomear en comisión de servizos, no posto de Xefe/a de Licenzas, a D. Iván Alejandro Ramos Lamas, polo prazo de un ano prorrogable por outro.

Segundo.- Notificar ós interesados e publicar esta resolución na web municipal, podéndose interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ou directamente contencioso-administrativo.”

Vigo, na data das sinaturas electrónicas

María José Caride Estévez, Concelleira Delegada a A.G. de Urbanismo e Vivenda

DOU FE, José María Domínguez Blanco, Secretario accidental da XMU